



**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTECESURES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “OBRA RE-CONEXIÓN PEONIL, SEGURA E AMABLE DO NÚCLEO URBANO DE PONTECESURES”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTECESURES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “OBRA RE-CONEXIÓN PEONIL, SEGURA E AMABLE DO NÚCLEO URBANO DE PONTECESURES”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)**

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, D.<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. José Manuel Vidal Seage, quen actúa no nome e na representación do Concello de Pontecesures, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

**EXPOÑEN**

I. Na data 17/12/2021 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo núm. 4.7719 polo que se aprobou a concesión dunha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Pontecesures, con destino á execución da actuación denominada “OBRA RE-CONEXIÓN PEONIL, SEGURA E AMABLE DO NÚCLEO URBANO DE PONTECESURES”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa Reacpon (Reacciona Pontevedra Provincia).

II. De acordo co previsto na base reguladora 7<sup>a</sup>.2.h) do Programa ReacPon, o día 14/02/2022 asinouse o correspondente convenio de colaboración entre as dúas





administracións. O dito convenio tiña por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

III. A cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, establece o seguinte:

*“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 30 de abril de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 30 de setembro de 2023.”*

IV. Mediante o acordo núm. 7.7926 do Pleno provincial do 27/01/2023 prorrégase o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa ReacPon ata o 31/12/2023 e o prazo de xustificación dos ditos investimentos ata o 31/05/2024.

V. Por todo o exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda, para adaptar o texto do convenio asinado ás novas condicións establecidas no antedito acordo plenario, con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. VIXENCIA

As partes acordan modificar a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, e quedando redactada do seguinte xeito:

*“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 31 de decembro de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de maio de 2024.”*

### SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do texto do convenio asinado, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, D.<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego

O alcalde-presidente do Concello de Pontecesures, D. José Manuel Vidal Seage

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay

